

TORNEIRO

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Torneiro

2. Outras denominacións

Non se contemplan.

3. Outras ocupacións do sector

Ebanista, tapiceiro, tallista, marqueteiro, restaurador, vernizador, dourador, cubeiro, taraceador, carpinteiros de armar, de taller, de ribeira..., fragueiros, rodeiros, ...

4. Área ou sector ao que pertence

Madeira

5. Adscrición á clasificación CNAE

16.1 Aserrado e cepillado da madeira

6. Descrición sintética do oficio artesán

O torneiro é o artesán que realiza pezas de madeira torneada mediante procedementos mecánicos, utilizando o torno e ferramentas de corte de uso manual.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Deseño das pezas a tornear
- ◆ Selección de madeiras adecuadas á peza a realizar (dependendo desta poderán ser verdes ou secas)
- ◆ Labrado de pezas
- ◆ Torneado de pezas
- ◆ Acabado de pezas

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUCTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase conceptualízanse os aspectos artísticos, técnicos e funcionais do produto a crear, baseándose no coñecemento das tendencias do proceso productivo, a través do debuxo dun bosquexo da peza. A partir do bosquexo débúxase un plano a escala do obxecto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante-delineante.

2. Fase II. Preparación da materia prima

- ◆ Nesta fase procédese á obtención e selección das madeiras a utilizar segundo o deseño da peza. Moitas veces o proceso comeza no monte cortando a árbore da que se extraerá a madeira para a elaboración da peza. Dependendo do uso que lle se lle queira dar, córtanse os troncos dándolle a forma mais aproximada. O seguinte paso é o secado; si se vai a empregar seca, almacenase en condicións de humidade e temperatura o mais controladas posible.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: serras, motoserras
- ◆ Postos de traballo que se asocian: secador, auxiliar de secado.

3. Fase III. Conformación da peza

- ◆ Nesta fase procédese ao torneado da peza propiamente dito. Para isto, a madeira é curvada e cortada seguindo as pautas de deseño da peza. O seguinte paso consiste no desbastado; este consiste en eliminar a parte exterior da madeira, cortiza ou polas que sobresaen, deixando a peza coa superficie o máis regular posible. Este proceso realízase a velocidade baixa. O torneado, propiamente dito, consiste en dar forma á madeira coa axuda dunha gubia ou llerga ata alcanzar a forma definitiva.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: torno manual, torno mecánico, gubias e formóns.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: carpinteiro, auxiliar de carpintería.

4. Fase IV. Acabado da peza

- ◆ Nesta fase procédese ao lixado e acabado da peza. O lixado: unha vez acadada a forma


definitiva líxase a superficie xeralmente con lixa de tela ou papel. Cepíllase a peza e líxase manualmente para proceder ao seu vernizado ou pintado. O acabado: os acabados escóllense dependendo da aplicación da peza, pode ser con ceras, aceites ou vernices. Rematado este proceso se a peza vai a ser utilizada nun moble xa estaría en condicións para ensamblarse.

- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: cepillo, lixadora, pistola de vernizado ou pintado, brocha, mazos, martelos.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: vernizador, ebanista.

5. Fase IV. Control da calidade

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. O primeiro control realízase sobre a materia prima unha vez que foi obxecto de transformación co fin de comprobar o seu estado correcto e apto para a súa utilización. O segundo efectuarase sobre a peza xa rematada e decorada co fin de detectar pezas defectuosas tanto na súa configuración, como acabado, adxudicando finalmente calidades ao produto final. O produto xa está listo para a súa venta directa ou transporte ao punto de venta.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

- Entre dous puntos. Suxeitas á peza que vas facer por dous puntos.
- Ao aire. Suxeitas á peza por un punto, por exemplo para facer unha cunca.
- Lunetas. Ademais de suxeitar a peza por dous puntos, tamén se suxeita polo medio, emprégase para facer pezas moi longas.
- Tornear en veta ou a contraveta. Seguindo ou non a veta da madeira.
- Pasmado. É o proceso polo cal a madeira é atacada por fungos, o que provoca cambios na coloración da madeira. Pode ser un proceso natural ou ben inducido.

- Raspado. Método de torneado sobre todo nas últimas fases co que se eliminan as marcas deixadas na superficie da madeira, pola gubia.
- Corte. É unha técnica rápida que produce un acabado mais liso. Requírese unha maior pericia e moita práctica para dominalo.
- Torneado en verde. Consiste en tornear a madeira cando aínda non está seca. Neste caso prodúcense deformacións que o torneiro aproveita para conseguir determinados efectos.
- Segmentado. Consiste en tornear pezas compostas por múltiples porcións mais pequenas encoladas entre si.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- Gubia
- Brocha
- Cepillo
- Formón
- Llerga
- Martelos
- Mazo
- Motoserra
- Pedra de afiar
- Serra de cinta

2. Equipos e máquinas

- Lixadora
- Pistola de vernizado ou pintado
- Torno de media volta
- Torno de pedal
- Torno eléctrico

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns, se ben tamén pode traballar directamente ao aire libre.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Madeiras autóctonas: freixo, pradairo, bidueiro, nogueira, cerdeira, castiñeiro, buxo, teixo, pereira, maceira. Estes recursos atópanse no territorio sen ubicación específica. O método de obtención é mediante corta directa ou compra a almacén.
- Estes artesáns coñecen en que momento debe cortase a madeira, tendo en conta as estacións do ano e as fases da lúa. Para realizar os seus traballos empregan especies autóctonas:
 - O *carballo* de madeira dura, fácil de traballar e de gran resistencia.
 - O *castiñeiro*, de madeira máis dura, boa para traballar pezas para o exterior.
 - O *pino*, nesta zona emprégase sobre todo o pino albar ou silvestre, moi resistente pero podre con facilidade, por esta razón os nosos artesáns o empregan para pezas de interior.
 - O *Teixo*, conífera propia das nosas zonas montañosas e húmidas. De madeira moi dura, de grao fino e apertado, moi boa para ebanistería e talla.
- Madeiras alóctonas: son madeiras exóticas coma o ébano, granadillo, cocobolo, pekia, etc. Son de países tropicais e a súa obtención é mediante compra en almacéns especializados.

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Pezas utilitarias: cuncas, copetas para o pan, nateiras, viradeiras, pratos, fontes, copas, etc.
- Pezas decorativas: xarróns decorativos, pezas artísticas en xeral.

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

Non se contemplan.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

